

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DECRETO 93/2012, do 22 de marzo, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 29 de marzo de 2012.

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG n.º 116, do 20 de xuño).

O artigo 13.13 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, faculta o Consello da Xunta para aprobar as medidas para garantir os servizos mínimos nos casos de exercicio do dereito de folga polo persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

As centrais sindicais Confederación Intersindical Galega (CIG), a Confederación Xeral do Traballo de Galicia (CGT), a Federación Rexional de Galicia da Confederación Nacional do Traballo (CNT), a Central Unitaria de Traballadores (CUT), a Unión Xeral de Traballadores (UGT), Comisións Obreiras (CC.OO.) e Unión Sindical Obrera (USO) comunicaron a convocatoria de folga xeral que afectará todas as actividades desempeñadas polos traballadores/as de empresas privadas e polos empregados/as do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e que se desenvolverá entre as 0.00 horas e as 24.00 horas do vindeiro 29 de marzo de 2012. Non obstante, naquelas empresas que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que empece antes das 0.00 horas do día 29 de marzo, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 29 de marzo. Así mesmo, naquelas empresas que teñan unha única quenda de traballo pero que empece antes das 0.00 horas do día 29 de marzo, o paro iniciárase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 29 de marzo na hora en que conclúa esta.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan neste decreto.

Así pois, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do De-

creto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos no presente decreto tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación aos decretos 151/2010, do 23 de setembro, e 2/2011, do 23 de xaneiro, sobre servizos esenciais nas xornadas das anteriores folgas xerais do 29 de setembro de 2010 e 27 de xaneiro de 2011, respectivamente. Aínda que é certo que o dito tribunal ditou sentenza anulando o Decreto 151/2010, do 23 de setembro, non o é menos que a dita sentenza veu motivada unicamente polo déficit de expresión da ponderación dos factores e criterios tidos en conta para a fixación dos servizos mínimos establecidos, considerando insuficiente a motivación na determinación das prestacións mínimas garantidas.

Os mesmos motivos de falta de motivación foron esgrimidos polo alto tribunal para anular o Decreto 2/2011, do 23 de xaneiro, nos particulares relativos aos servizos mínimos fixados para o mantemento dos servizos esenciais nos ámbitos da CRTVG e da anterior Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Porén, no caso concreto e tendo en conta estes pronunciamentos preténdense dar a coñecer máis xustificadamente, se cabe, os motivos que levaron á determinación das prestacións mínimas establecidas en cada un dos ámbitos de actividade e, en concreto, no ámbito dos medios de comunicación e no ámbito dos servizos educativos, satisfacendo desta forma os requisitos de motivación e os factores tidos en conta.

Así mesmo, débense ter presentes os autos do Tribunal Superior de Xustiza ditados nas pezas separadas de medidas cautelares 21/2010, 22/2010 e 23/2010, que se pronunciaron sobre a improcedencia da suspensión do Decreto 151/2010 ao considerar suficiente motivación a remisión ao disposto no auto do mesmo tribunal do 19 de xuño de 2002.

Neste sentido, en atención a este criterio establecido no dito Auto do 19 de xuño de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, enténdese que os servizos mínimos que cómpre fixar para o período de folga convocado non poderán exceder en cada centro, ou oficina, o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, caso en que se terá que atender ás quendas establecidas para os sábados.

No entanto e á marxe disto, o presidente da Xunta de Galicia mantén a súa actividade con continuidade durante todos os días da semana, para o que conta co apoio nos domingos e festivos dun secretario/a en réxime eventual e un condutor/a, así como o/a porteiro/a maior en réxime de dispoñibilidade horaria, de acordo cos requisitos do posto, tal como se recolle na vixente relación de postos de traballo dos órganos superiores da Presidencia (DOG n.º 171, do 6 de setembro de 2010). Por tanto, resulta necesario que no ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia se garantan os ditos servizos.

Pola súa parte, o persoal garantido no Complexo Deportivo de Monterrei é o persoal que traballa na instalación na quenda de mañá e na quenda de tarde tanto para o sábado como para o domingo.

A previsión establecida no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra correspóndese coas quendas fixadas para o sábado e o domingo no dito centro.

Posto que na Fundación Deporte Galego se xestionan directa ou indirectamente instalacións deportivas cedidas pola Administración autonómica que están abertas as fins de semana, cómpre que un técnico deportivo responsable da súa supervisión estea dispoñible na quenda de mañá e outro na quenda de tarde.

O persoal da rede *trunking* xustifícase de acordo coa recomendación da SETSI que cualifica como servizos esenciais para a comunidade a continuidade na rede de soporte dos servizos esenciais de difusión de radio e televisión, e en aplicación do Real decreto 530/2002, do 14 de xuño, pola que se garante a prestación do servizo esencial relativo ao encamiñamento das chamadas a servizos de emerxencia e ao encamiñamento e a conexión entre os puntos de terminación das redes fixas e móbiles e as redes públicas de telecomunicacións en situacións de folga.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. garante a atención de emisores e reemisores para conseguir a cobertura do sinal de comunicación audiovisual, a continuidade da rede de emerxencias e a conectividade da Xunta de Galicia.

En relación cos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, fai referencia na súa exposición de motivos ás actividades de prestación do servizo público de comunicación audiovisual así como ao cumprimento dos obxectivos ligados á función de servizo público.

Neste marco, a CRTVG ten a obriga de emitir os comunicados oficiais necesarios para o interese público, polo que debe proporcionar a través daqueles mínimos unha dispoñibi-

lidade no servizo que faga viable a continuidade da emisión e os efectivos imprescindibles que fagan posible a inmediata difusión.

Durante moitos anos, a xurisprudencia sobre o tema que nos ocupa foi matizando en diferentes sentenzas cal debe ser o concepto de «servizos mínimos», para que en todo momento o interese xeral da comunidade poida harmonizarse adecuadamente co dereito irrenunciable dos traballadores a facer folga e co dereito fundamental das persoas á información, de maneira que se permita ao maior número posible destas o exercicio do dito dereito sen que prexudique desproporcionadamente a comunidade, conforme sinalan as sentenzas do Tribunal Constitucional 11/1981, do 8 de abril, e, en especial, a do 15 de marzo de 1990. Para tal efecto, garántense os servizos mínimos indispensables nas inescusables condicións de seguridade e cos traballadores estritamente precisos, na medida en que a índole do seu labor o permita, pero ofrecendo unha garantía das gravacións e rexistros de emerxencia, así coma o mantemento ante emerxencias que poidan xurdir nos equipamentos técnicos ou en circunstancias de última hora, como poden ser accidentes de tráfico, incidencias co desenvolvemento da folga ou outros acontecementos imprevistos, e sempre pensando no interese xeral da comunidade que neste caso esperta unha folga xeral a nivel estatal.

O carácter esencial que revisten os servizos públicos de televisión e radio de titularidade autonómica vén disposto non soamente por determinación expresa do lexislador, senón tamén pola súa incidencia no exercicio dos dereitos fundamentais a comunicar e recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, consagrados polo artigo 20.1.d) da Constitución española (circunstancia de que, igualmente, derivaría o seu carácter de servizos públicos esenciais, aínda sen necesidade de declaración legal expresa, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional reflectida nas sentenzas 26/1981, do 17 de xullo, e 51/1986, do 24 de abril).

En consecuencia, considérase necesario asegurar a produción e a emisión dos espazos informativos necesarios que garantan a cobertura mínima que o dereito á información consagrado no artigo 20 da Constitución require, garantindo a continuidade das emisións televisivas e de radio e mantendo o seu horario habitual de inicio, estando condicionada a súa finalización ao tempo estritamente necesario para a protección deste dereito, reducindo a emisión destes e eliminando da emisión outros programas tanto culturais como informativos dos que prescindir nunha situación como a que nos ocupa.

Ademais, e tendo en conta que estamos nunha situación de folga xeral que afecta todo o país, o servizo de interese xeral que debe ofrecer a radio e a televisión públicas debe com-

plementar e suplementar as posibles carencias informativas doutras televisións e radios que informan na nosa Comunidade Autónoma, ás cales tamén lles afecta a convocatoria da folga xeral e que se é secundada polos seus traballadores poderían chegar a non emitir.

A radio e a televisión teñen carácter de servizo esencial, de maneira que os programas emitidos que afectan bens constitucionalmente protexidos deben ter tal consideración, distinguindo esta parte entre programas esenciais doutros que non o son tanto e dos cales non representaría problema atrasar, adiantar, recortar ou mesmo substituír a súa emisión.

En definitiva, o obxectivo esencial é garantir a prestación dos servizos esenciais para a comunidade e, pola súa vez, conseguir que o maior número de traballadores poida exercer o seu dereito á folga, e que isto poida ser conseguido coa maior eficacia posible, reducindo a emisión dos espazos informativos e eliminando da emisión outros programas, tanto culturais como informativos, que carecen do interese xeral esencial para ese día. Neste senso, fixárase como cadro de persoal mínimo para garantir os servizos esenciais unicamente o formado polo persoal imprescindible e necesario para desenvolver a actividade básica que cubra o interese xeral que suscita o seguimento dunha folga xeral, de acordo cos seguintes criterios:

a) Compañía.

Servizo de Sistemas de Información: garante o mantemento e correcto funcionamento de toda a rede e os programas informáticos indispensables para o óptimo funcionamento de todos os servizos informativos e técnicos de radio e televisión.

b) TVG, S.A.

Departamento de Produción e Servizo de Medios e Realización: garante os equipos materiais e de persoal mínimos indispensables para a produción dos servizos informativos.

Subdirección de Programación e Emisións: proporciona o persoal mínimo necesario para garantir a emisión e para atender as necesidades de xestión de circuitos de vídeo e audio que solicite Informativos de TVG e para manter o control da emisión.

Departamento de Informativos: achega os redactores e locutores necesarios para a elaboración dos servizos esenciais informativos, reducidos con respecto á emisión dun día normal.

Servizos Comúns: engloba o persoal de mantemento mínimo necesario para atender posibles avarías na rede eléctrica ou nas propias instalacións da CRTVG que poidan im-

pedir o correcto funcionamento de todos os servizos ou mesmo poidan ocasionar danos persoais aos traballadores.

Área Técnica: constitúe o persoal mínimo preciso para garantir o funcionamento dos equipos técnicos básicos e a continuidade na emisión dos programas informativos.

Servizo de Documentación: proporciona o persoal necesario para a utilización de imaxes de arquivo, fundamentais para a elaboración dos informativos.

c) RTG, S.A.

Servizo técnico de emisións e mantemento: garante a emisión dos programas de continuidade e os informativos, as gravacións e os rexistros de emerxencias, así como os servizos mínimos de persoal de mantemento e as posibles incidencias das instalacións e dos servizos técnicos.

Servizo de Informativos e Programación: proporciona os redactores, locutores e auxiliares de programas mínimos imprescindibles para garantir a emisión continuada da Radio Galega durante as 24 horas, garantindo a súa función de servizo público primordial cunha emisión mínima.

No ámbito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza cómpre a fixación de servizos mínimos no funcionamento dos rexistros administrativos tanto nos servizos centrais coma nos servizos periféricos para garantir as actuacións dos cidadáns cuxo incumprimento pode supoñer a perda ou prexuízo dos seus dereitos. Considérase, así mesmo, esencial o mantemento dos edificios administrativos co obxecto de garantir o correcto funcionamento das súas instalacións nas posibles situacións de emerxencia que poidan acontecer.

O número de traballadores e equipos operativos do Centro de Atención ás Emerxencias 112 mantense ao 100% polo seu carácter de servizo esencial e o tipo de atención especializada que se presta aos cidadáns. Dado que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior presta servizo ao Centro de Atención ás Emerxencias 112, os mínimos propostos establécense coa mesma intensidade que un domingo ou festivo.

Na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa permanecerán dous auxiliares administrativos/as para efectos da captura dos datos de seguimento da folga.

No ámbito da Administración de xustiza deben garantirse os medios para que as actuacións sometidas a prazo perentorio, as do Rexistro Civil, as actuacións en causas con

presos, as medidas precautorias, o rexistro de documentos e as actuacións do xulgado de garda se poidan realizar en calquera situación, polo que debe considerarse que polo menos estas actuacións son os servizos esenciais para garantir o servizo público. Preténdese unha proporcionalidade entre as necesidades que é preciso cubrir e a garantía do exercicio do dereito de folga dos traballadores. O establecemento do persoal mínimo para garantir estes servizos esenciais, debe tomar en consideración as diferenzas de dotacións que existen nos órganos xudiciais. Estas diferenzas impiden unha uniformidade na fixación do número de funcionarios que deben constituír os mencionados servizos mínimos.

No marco das competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de xestión de residuos cómpre a fixación de servizos mínimos, na Sociedade Galega de Medio Ambiente, empresa que ten encomendada a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do seu depósito nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento, conforme sinala o artigo 10 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, xa que a parada das instalacións centrais de Sogama (motores, caldeiras e turbinas), de non se fixaren servizos mínimos, imposibilitaría directamente a prestación dos servizos esenciais durante varios días, o que comportaría graves consecuencias ambientais e de saúde pública, e desde a base de que estes servizos mínimos afectan menos persoal que o que estaría operativo en sábados, domingos ou festivos.

No ámbito das competencias en materia de infraestruturas viarias, a comunidade galega caracterízase pola dispersión da súa poboación e pola existencia de innumerables asentamentos de poboación (máis de 30.000 entidades de poboación no conxunto dos 315 municipios galegos) distribuídos nun territorio caracterizado pola súa difusión xeográfica e atendidos por unha extensa rede de infraestruturas de diversa escala. Polo tanto, garantir a súa utilización polos cidadáns en condicións de normalidade exige, por un lado, manter as estradas nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas debidas condicións de seguridade para os seus usuarios, e doutro, permitir a súa utilización de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, posibilitando, deste xeito, a liberdade de circulación e, xunto con esta, o acceso ao exercicio doutros dereitos fundamentais, como o acceso aos servizos de saúde ou a liberdade de elección entre o exercicio ao dereito de folga e o dereito ao traballo. Neste marco, é nas vías de alta capacidade en réxime de concesión e naquelas cuxa contraprestación sexa o pagamento dunha tarifa por parte da Administración onde se debe prestar o servizo nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas debidas condicións de seguridade, para o cal se considera indispensable a presenza de persoal nos centros de control, así como a existencia de persoal que actuará cando se prevexan circunstancias adversas de calquera tipo: emerxencias ou situacións excepcionais derivadas

de accidentes, posibilidade de obstáculos na estrada ou desprendementos, presenza de animais na vía, circulación de vehículos con cargas perigosas, fenómenos meteorolóxicos (neve, xeo, sarabia, chuvia), etc. Nestes casos, atenderanse as necesidades, establecendo as medidas preventivas e curativas e a transmisión de información sobre estas, para o cal se adoptarán as medidas precisas para atender adecuadamente as incidencias.

No sector do transporte, os servizos que se prestan representan un carácter esencial para a cidadanía en canto que supoñen unha ferramenta básica para o exercicio doutros dereitos como os de libre circulación dentro do territorio nacional (artigo 19 da Constitución), á educación (artigo 27) e ao traballo (artigo 35). Desta maneira, a garantía dunha mínima mobilidade da cidadanía durante a xornada de folga convértese nunha demanda do interese xeral que debe ser atendida pola Administración no ámbito das competencias que ten atribuídas. A concreción destes servizos mínimos debe efectuarse, e así se fai neste decreto, tomando en consideración a posible afección que a tipoloxía da convocatoria representa naqueles outros dereitos afectados. Nese sentido, e de conformidade co Decreto 155/1988, do 9 de xuño, deben configurarse uns servizos mínimos que permitan compaxinar o dereito á folga dos traballadores co mantemento dos servizos esenciais.

Nos servizos concesionais de transporte público de viaxeiros propónse manter uns horarios que aseguren a posibilidade de realizar aqueles desprazamentos que sexan inescusables, sen prexuízo de que os usuarios se poidan ver obrigados a anticipar ou atrasar as súas horas de saída habituais. Tómanse en consideración especialmente os tráficoas coas grandes cidades de Galicia, por entender que é neses ámbitos onde a demanda de mobilidade, tanto de entrada como de saída, afecta en maior medida o exercicio doutros dereitos esenciais da comunidade; deste xeito, priorízase o mantemento, nos servizos con orixe/destino nas sete grandes cidades, de servizos de ida e volta á primeira hora da mañá e á última da tarde, sen superar a metade dos que habería normalmente nestas franxas horarias.

A aplicación destes criterios, equivalentes aos aplicados en anteriores ocasións, determinan que os servizos así configurados suporán unha importante redución respecto da oferta considerada normal para satisfacer a demanda ordinaria de mobilidade da poboación, pero é suficiente para atender esta no desenvolvemento das súas actividades básicas, mesmo en comparativa cos servizos que habería nunha xornada festiva.

O eido dos servizos regulares de uso especial para transporte de escolares resulta especialmente sensible, tanto por ser o transporte un mecanismo auxiliar para o exercicio dun dereito fundamental como é o da educación, como polas especiais exixencias que implica

a protección aos menores. Do mesmo xeito, a dispersión poboacional en Galicia determina que diariamente se teñan que realizar unha significativa cantidade de desprazamentos para os cales non existe alternativa real de mobilidade, polo que o mantemento dos servizos de transporte público resulta fundamental.

En canto aos servizos regulares de uso especial para transporte de traballadores, fíxanse co fin de garantir o acceso e a saída dos postos de traballo naqueles servizos de carácter interurbano en que a ausencia dunha previsión mínima crebaría toda posibilidade de acceso ao traballo.

No ámbito do transporte de mercadorías, tense en conta a dependencia que deste tipo de transporte teñen os servizos de asistencia sanitaria, que non poden afrontar unha falta de subministración suficiente dos produtos precisos para a atención á cidadanía.

A fixación dos servizos de transporte funerario responde ás necesidades sociais inaprazables que atende esta modalidade de transporte.

No ámbito de competencias da conservación da natureza, cómpre a fixación duns servizos mínimos que garantan o adecuado desenvolvemento da xestión dos recursos naturais e cinexéticos, considerando indispensable a presenza de persoal dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade, dada a especial protección que requiren tanto os bens como os recursos naturais existente nestes espazos.

Así mesmo, tamén se tiveron en conta as necesidades mínimas de funcionamento, sen colapso, dos centros de recuperación da fauna salvaxe, piscifactorías e demais centros de fauna, así como a vixilancia necesaria para manter unha adecuada prestación dos servizos na tempada de pesca que se abriu o día 18 de marzo de 2012.

Estes servizos mínimos non afectan máis persoal que o que estaría operativo en sábados, domingos ou festivos.

Considérase necesario o mantemento no Cixtec dun/ha analista programador/a dado que é o único centro da Consellería de Facenda que presta servizos en sábado, domingo ou festivo, polo que a garantía deste efectivo vén exixido pola necesidade de poder solucionar posibles incidencias técnicas co suficiente grao de eficacia que permita o mantemento básico dos servizos.

Polo que se refire ao servizo esencial da educación, este non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que xunto con esta se realizan outras funcións como

son a vixilancia e o coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos, así como o coidado, mantemento e vixilancia das instalacións destinadas ao servizo público educativo.

Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo), dispón no seu artigo 7 que o alumnado ten dereito a que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoal, e á protección integral contra toda agresión física e moral. Polo tanto, a custodia e a seguridade dos menores de idade que accedan a un centro docente público, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados, é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación. O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establécese que os centros docentes permanezan abertos no seu horario habitual, coa necesaria presenza nos ditos centros do/a director/a ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo que o/a substitúa, xa que tales membros do equipo directivo teñen a representación do centro e garanten o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan as alíneas a) e d) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (publicada no BOE do 4 de maio), e polo tanto están capacitados e facultados para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.

A presenza dun subalterno ou subalterna deriva das funcións que a este tipo de persoal lle compete respecto do coidado e vixilancia das instalacións e do control de entrada e saída do centro educativo, tanto para evitar a entrada de persoas alleas ao centro como para evitar a saída dos menores de idade cando non corresponda.

Un deber correlativo á protección básica do menor de idade inclúe a súa alimentación. Así, cando un servizo público asume esta responsabilidade non pode desatendela, o que motiva que unha persoa con funcións de cociña deba permanecer nos centros educativos ordinarios con servizo de comedor.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores que, como se dixo, non pode ser paralizado, inclúe a actividade básica de coidar pola integridade física e hixiene daqueles que, por teren diminuídas as súas capacidades, necesitan unha constante vixilancia e atención (artigo 49 da Constitución) por parte de coidadores do alumnado

con necesidades educativas especiais presentes nos centros docentes ordinarios. Nos centros de educación especial, con alumnado que ten unhas necesidades que precisan unha atención aínda máis reforzada, debe haber unha presenza mínima de persoal sanitario, persoal coidador, de comedores e de limpeza. A determinación dos anteditos servizos mínimos por porcentaxes, nos centros de educación especial, considérase como criterio máis apropiado para a fixación do persoal que debe prestalos, dada a diversidade existente na dimensión e tamaño dos diferentes centros desa tipoloxía que hai na nosa comunidade.

Os centros residenciais docentes teñen como característica a presenza do alumnado fóra do horario lectivo, para realizar actos da vida cotiá que o resto fai no seu domicilio particular, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima para que esas actividades non se poidan ver alteradas con risco ou desatención para os usuarios do servizo; trátase de garantir minimamente a hixiene, a alimentación e a seguridade, razón pola cal resulta necesaria a presenza dun membro do equipo directivo, así como de parte do persoal de limpeza, comedor e subalternos.

No ámbito universitario garántense os servizos que sexan suficientes para poder levar a cabo, de ser o caso, os exames ou probas académicas previstos na dita data, así como o acceso ás instalacións dos centros por parte do alumnado e do persoal que o decida.

En canto aos inspectores veterinarios oficiais de saúde pública de comarca, cubrirán as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade, entre as cales están alertas nivel I, intoxicacións alimentarias e actuacións especiais en establecementos de alimentación. Estes servizos mínimos desenvolveranse en quendas de mañá e tarde, tal e como se prestan os servizos na actualidade.

Os inspectores veterinarios de saúde pública de matadoiro cubrirán as situacións especiais derivadas das urxencias que se poidan producir, entre as cales están as de benestar animal, as de desabastecemento que se poida producir por festividades locais, no día anterior ou posterior ao día da folga, e outras de semellante natureza. Os inspectores veterinarios de saúde pública de lonxa asegurarán a calidade sanitaria dos produtos que son obxecto de inspección.

Neste ámbito da saúde pública é imprescindible garantir os servizos no eido das tecnoloxías da información e as comunicacións necesarios para dar cobertura suficiente nos supostos de incidencias urxentes. Deste modo, os servizos de atención aos usuarios soporte da aplicación e administración de sistemas e redes constituirán un total do 25% dos efectivos de cada quenda, o que supón un total de 40 efectivos (26 de mañá, 12 de tarde e

2 de noite). No resto dos servizos de criticidade alta, os efectivos serán os imprescindibles para a atención das incidencias catalogadas como prioridade 1 consecuencia da necesidade de dar resposta inmediata ao estar ocasionando a interrupción do traballo dos usuarios. Así mesmo, compréndense todos os servizos contratados de mantemento de aplicacións e infraestruturas.

No ámbito da Consellería de Traballo e Benestar, tómanse en consideración para determinar os servizos mínimos a necesidade da presenza efectiva que garanta o funcionamento dos centros, tendo como referencia o número de efectivos presentes nun domingo. Estes servizos mínimos fixados no ámbito dos servizos sociais esenciais son os imprescindibles para garantir unha atención adecuada ás persoas residentes ou usuarias destes centros, máxime cando é necesario dar unha resposta inmediata ás diferentes situacións de emerxencia social.

No que respecta á área do Medio Rural e Montes, e debido á época de risco de incendio en que nos encontramos, cómpre garantir o 100% do persoal previsto no dispositivo de prevención e extinción de incendios nun domingo ou festivo. Este dispositivo comprende os servizos prestados nos centros de coordinación central, nos catro centros de coordinación das catro provincias e os servizos dos dezanove distritos forestais.

En todos os centros de formación désígnase un efectivo para a apertura dos centros que imparten formación regrada. Naqueles centros que polo seu carácter teñen gando ao seu coidado cómpre garantir o seu mantemento. Do mesmo xeito, no caso dos centros que teñen réxime de internado, désígnanse os servizos que permiten atender minimamente os seus usuarios e que se prestan en domingo. Os servizos fixados na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria permitirán asegurar a sanidade animal.

A área do Mar debe garantir que naqueles centros educativos con alumnos en réxime de internado estea presente un mínimo de persoal que manteña a atención que se lles debe prestar aos residentes. Os dous centros de ensino, o IPMP de Vigo e a EONP de Ferrol, en que se propoñen servizos mínimos, permanecen pechados os sábados, domingos e festivos. Non obstante, existe un servizo de vixilancia exclusivamente de dúas horas os domingos e os festivos que son vésperas de días lectivos, que teñen como misión abrir o centro e permanecer nel mentres non empeza a quenda do/ educador/a. Os/as educadores/as (persoal laboral) desenvolven o seu traballo de luns a venres en horario de mañá, tarde e noite. En ausencia dun servizo de vixilancia, faise necesario que polo menos un educador estea presente de maneira permanente para control e servizo do alumnado residente.

Así mesmo, a vixilancia pesqueira non só é necesaria para manter o control do sector, coa finalidade de ofrecer unha efectiva protección dos recursos mariños, senón que tamén colabora en tarefas e actuacións de salvamento e rescate marítimo cando as necesidades así o exixen. Ademais, os servizos mínimos deben cubrir de xeito efectivo a área de busca e salvamento marítimo e loita contra a contaminación do mar en Galicia, dada a imposibilidade de que tal servizo quede desatendido, pola transcendencia que esta actividade ten no salvamento de vidas e na protección e prevención de contaminacións mariñas.

O Servizo de Gardacostas de Galicia debe asistir as emerxencias que se produzan que son atendidas en cada base operativa por unha tripulación por embarcación, composta por un patrón, un mecánico e dous mariñeiros.

Pola súa banda, para os casos de incidencias nos portos galegos calquera día da semana, incluídos os domingos e festivos, o ente Portos de Galicia actúa a través de instrucións aos tres xefes de Zona Territorial de Portos, que pola súa vez dispoñen a actuación dos gardapeiraos adscritos a cada zona de Portos.

Finalmente, o feito de garantir a apertura dos centros de traballo obedece exclusivamente á necesidade de posibilitar que aqueles traballadores que así o desexen poidan acudir libremente a traballar. Non obstante, non será necesaria a apertura daqueles centros en que, non tendo fixados servizos mínimos, todos os traballadores exerzan o dereito á folga.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por iniciativa de todas as consellerías da Xunta de Galicia, oído o Comité de Folga, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de marzo de dous mil doce,

DISPOÑO:

Artigo único.

1) Terán a consideración de servizos mínimos os que se relacionan a seguir:

1.1. Presidencia da Xunta de Galicia.

1. Presidencia da Xunta: 1 secretario/a, 1 porteiro/a maior e 1 condutor/a.

2. Secretaría Xeral para o Deporte.

– Complexo Polideportivo de Monterrei: 1 oficial segunda de mantemento de 8.00 a 15.00 horas e 1 oficial segunda de mantemento de 15.00 a 22.00 horas.

– Centro Galego de Tecnificación Deportiva: 1 ordenanza na quenda de mañá de 7.30 a 15.00 horas, 1 oficial primeira cociñeiro/a na quenda de tarde de 18.00 a 22.00 horas, 1 axudante de cociña na quenda de tarde de 18.00 a 22.00 horas, 2 camareiros/as-limpadores/as na quenda de tarde de 18.00 a 22.00 horas, 1 ordenanza na quenda de tarde de 18.00 a 22.00 horas, 1 preceptor/a na quenda de tarde de 18.00 a 22.00 horas, 1 ordenanza na quenda de noite de 22.00 a 5.30 horas, 1 preceptor/a na quenda de noite de 22.00 a 5.30 horas.

– Fundación Deporte Galego: na quenda de mañá, 1 técnico/a deportivo/a e na quenda de tarde, 1 técnico/a deportivo/a.

3. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

– Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal, S.A.).

• San Lázaro: Departamento de Banda Larga, 1 enxeñeiro/a; Departamento de Enlaces, 1 enxeñeiro/a; Departamento TDT, 1 enxeñeiro/a.

• Rede trunking: 1 técnico/a de comunicacións/enxeñeiro/a técnico/a.

• Centro emisor de San Marcos-O Pedroso: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• Centro emisor da Bailadora: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• Centro emisor de Domaio: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• Centro emisor de Xistral: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• Centro emisor do Páramo: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• Centro emisor de Meda: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

• CEXAR: 3 oficiais de comunicacións (1 por quenda de 8 horas).

4. Compañía de Radio e Televisión de Galicia.

4.1. CRTVG:

Sistemas de información: 1 analista-programador/a ou técnico/a de sistemas na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde.

4.2. TVG, S.A.:

Servizos xerais: 1 oficial técnico/a electricista na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde; 1 axudante de mantemento na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde.

Área técnica:

Operacións técnicas: 1 técnico/a electrónico/a de 0.00 a 9.00 horas, 1 de 9.00 a 16.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas, 1 técnico/a electrónico/a de primeira de 10.00 a 17.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas.

Control central: 1 técnico/a electrónico/a de 9.00 a 16.00 horas e 1 de 16.00 a 23.00 horas e 1 oficial técnico/a electrónico/a de 7.30 a 14.30 horas.

Almacén de equipos: 1 almacenista de 8.00 a 15.00 e 1 de 15.00 a 22.00 horas.

Informativos e deportes: 3 redactores/as de 5.00 a 12.00 horas, 3 de 6.00 a 13.00 horas, 1 de 7.00 a 14.00 horas, 18 de 8.00 a 15.00 horas, 3 de 9.00 a 16.00 horas, 2 de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas, 1 de 14.00 a 21.00 horas, 10 de 15.00 a 22.00 horas, 1 de 17.00 a 24.00 horas e 1 de 19.00 a 24.00 horas; 1 asesor/a lingüista de 8.00 a 15.00 horas e outro/a de 15.00 a 22.00 horas; 1 auxiliar de redacción de 2.00 a 9.00 horas e 1 de 8.30 a 15.30 horas; 1 reporteiro/a gráfico/a de 0.00 a 7.00 horas, 1 de 7.00 a 14.00 horas, 4 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 10.00 a 17.00 horas, 2 de 15.00 a 22.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas; 1 locutor de televisión de 17.00 a 24.00 horas e 1 auxiliar de informativos de 8.30 a 15.30 horas e 1 de 16.30 a 23.30 horas.

Produción de informativos, programas e deportes: 1 produtor de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 10.00 a 17.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas; 1 axudante de produción de 7.00 a 14.00 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 10.00 a 17.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas.

Medios e realización:

1 realizador/a de 6.30 a 13.30 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 9.30 a 16.30 horas, 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 de 00.00 a 00.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 cámara de primeira ou operador de cámara de 7.30 a 15.30 horas, 2 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 8.15 a 15.15 horas, 3 de 15.00 a 22.00 horas e 1 de 00.00 a 00.30 horas e de 16.30 a 24.00 horas.

1 deseñador/a gráfico de 7.30 a 14.30 horas e 1 de 16.00 a 23.00 horas.

1 operadores/as de posproducción de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 15.00 a 22.00 horas.

1 técnico/a de son ou operador/a produtor/a de son de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 7.30 a 15.30, 1 de 14.00 a 22.00 horas e 1 de 00.00 a 00.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 técnico/a de iluminación ou iluminador de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 11.00 a 18.00 horas e 1 de 0.00 a 0.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 axudante de realización de 6.30 a 13.30 horas, 2 de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 9.30 a 16.30 horas, 1 de 12.00 a 19.00 horas, 2 de 15.00 a 22.00 horas e 2 de 0.00 a 0.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 operador/a-montador/a de vídeo de 0.00 a 7.00 horas, 1 de 0.30 a 7.30 horas, 4 de 7.00 a 14.00 horas, 1 de 7.30 a 14.30 horas, 4 de 8.00 a 15.00 horas, 2 de 10.00 a 17.00 horas, 3 de 14.00 a 21.00 horas, 1 de 14.30 a 21.30 horas, 1 de 15.00 a 22.00 horas, 4 de 17.00 a 24.00 horas e 2 de 0.00 a 0.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 control de cámara de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 14.00 a 21.00 horas e 1 de 0.00 a 0.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 maquillador/a de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 10.30 a 17.30 horas e 1 de 0.00 a 0.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

1 grafista titular/a de 7.30 a 14.30 horas, 1 de 7.45 a 14.45 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 8.30 a 15.30 horas, 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 de 00.00 a 00.30 e de 17.30 a 24.00 horas.

Retransmisións: 1 produtor/a de 15.00 a 22.00 horas e 1 auxiliar administrativo/a de 9.00 a 16.00 horas.

Documentación: 1 documentalista de 7.00 a 14.00 horas, 1 de 10.00 a 17.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas e 1 almacenista de 8.00 a 15.00 horas.

A Coruña: 1 redactor/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas, 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 operador/a-montador/a de vídeo de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas.

Lugo: 1 redactor/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas, 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 operador/a-montador/a de vídeo de 12.00 a 15.00 horas e de 17.00 a 21.00 horas.

Ourense: 1 redactor/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas, 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 operador/a-montador/a de vídeo de 12.00 a 15.00 horas e de 17.00 a 21.00 horas.

Vigo: 1 redactor/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas, 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 operador/a-montador/a de vídeo de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas.

Madrid: 1 redactor/a de 10.00 a 17.00 horas e 1 de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.00 horas.

4.3. RTG, S.A.:

Área técnica: 1 técnico/a electrónico de 8.00 a 15.00 horas.

Emisións: 1 técnico/a de control de 0.00 a 7.00 horas, 1 de 5.30 a 12.30 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas, 1 de 9.00 a 16.00 horas, 1 de 12.00 a 19.00 horas, 1 de 16.00 a 23.00 horas e 1 de 00.00 a 01.00 e de 18.00 a 24.00 horas.

Informativos e deportes: 1 redactor/a de 0.00 a 7.00 horas, 2 de 7.00 a 14.00 horas, 4 de 8.00 a 15.00 horas, 2 de 15.00 a 22.00 horas e 2 de 17.00 a 24.00 horas; 1 locutor/a de radio de 0.00 a 7.00 horas, 3 de 8.00 a 15.00 horas, 2 de 12.00 a 19.00 horas, 1 de 13.00 a 20.00 horas e 1 de 17.00 a 24.00 horas; 1 auxiliar de redacción de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas e 1 auxiliar de programas de 7.00 a 14.00 horas, 1 de 8.00 a 15.00 horas e 1 de 15.00 a 22.00 horas.

A Coruña: 1 redactor/a de 7.00 a 14.00 horas.

Lugo: 1 redactor/a de 7.00 a 14.00 horas.

Ourense: 1 locutor/a de radio de 7.00 a 14.00 horas.

Vigo: 1 redactor/a de 7.00 a 14.00 horas.

1.2. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1. Servizos centrais:

– Secretaría Xeral Técnica: 3 persoas en quenda de mañá.

– Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: 2 técnicos do Sistema Integrado de Protección Civil e Emerxencias con tarefas de garda do sistema.

– Centro de Atención de Emerxencias 112:

Área de operacións:

• Quenda de mañá (7.50 a 15.00 horas): 7 operadores/as de atención telefónica, 2 operadores/as de enlace e 1 coordinador/a.

• Quenda de tarde (14.50 a 22.00 horas): 9 operadores/as de atención telefónica, 2 operadores/as de enlace e 1 coordinador/a.

• Quenda de noite (21.50 a 8.00 horas): 6 operadores/as de atención telefónica, 1 operador/a de enlace e 1 coordinador/a.

1 operador/a localizado/a na quenda de mañá e na da tarde.

Área de informática:

• Quenda de mañá (8.00 a 15.00 horas): 2 informáticos/as e 3 técnicos informáticos.

• Quenda de tarde (15.00 a 22.00 horas): 2 informáticos/as e 1 técnico/a informático/a.

• Quenda de noite (22.00 a 8.00 horas): 1 técnico/ informático/a.

Servizo de helicópteros polivalentes:

• Base de Santiago H-3: de orto a ocaso 1 piloto, 1 copiloto e 1 mecánico/a.

- Base de Ourense H-4: de orto a ocaso 1 piloto, 1 copiloto e 1 mecánico/a.
